



## Concello de Viveiro

---

### #súmatedoasangue

Estimados veciños e veciñas:

Os hospitais precisan **10.000 doazóns de sangue** cada mes para atender a todos os enfermos e diríxome a todos vos para que participedes nesta campaña solidaria.

Podes doar sangue se tes entre 18 e 65 anos e pesas máis de 50 quilos. Persoal sanitario revisará a túa saúde antes da doazón de sangue:

#### VIVEIRO

Unidade móbil de doazón de sangue nos xardíns Noriega Varela  
(preto da praza de Lugo)

**MARTES 4 E MÉRCORES 5 DE XULLO**

**10.30 A 14.00 E 17.00 A 21.00 HORAS**

Non acudas sen almorzar e despois do xantar espera 2 horas. Non esquezas traer o DNI. Informa ao médico da unidade móbil se estas a tomar algún medicamento.

Máis información <http://ados.sergas.es>

Twitter: @doadoressangue

Facebook: <https://www.facebook.com/doadoressangue>

**Viveiro** acadou o pasando ano 2016 unha taxa de **34 doazóns por cada 1.000 habitantes** e temos que manter as cifras dentro do que recomenda a Organización Mundial da Saúde (40 a 60 doazóns por cada 1.000 habitantes). Queremos facer un agradecemento especial as persoas que participan cada ano nas campañas de doazón de sangue. Grazas a este xesto solidario, os hospitais atenden aos enfermos de cancro e leucemia e levan a cabo cada día unha media de 2.700 urxencias, 500 intervencións cirúrxicas e 3 transplantes de órganos e tecidos.

Neste verán os enfermos non toman vacacións e moitas persoas dependen da nosa solidariedade para recuperar a saúde. Grazas pola vosa colaboración.

María Loureiro García

Alcaldesa de Viveiro

(documento asinado dixitalmente á marxe)

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147